


Programa de acompañamento ao reagrupamento familiar



O Programa de acompañamento ao reagrupamento familiar

é un servizo municipal especializado en traballar con familias estranxeiras que iniciaron ou queren iniciar un proceso de reagrupamento familiar.



Favorecemos a inserción social e a autonomía das familias estranxeiras que se reagrupan na Coruña

“ O meu fillo vai chegar e non sei que teño que facer para que continúe os seus estudos. ”

NAI REAGRUPANTE

“ Coñecer outros mozos e outras mozas na miña situación axudoume a sentirme menos fóra de lugar. ”

MOZA REAGRUPADA

“ Empezar nun novo país non é fácil, o meu marido traballa moito e eu non me vexo capaz de moverme soa pola cidade. ”

MULLER REAGRUPADA

“ Oín que podó traer as miñas fillas a España pero non sei que debo facer. ”

NAI REAGRUPANTE

“ Axudáronlle á miña muller a aprender o idioma e a atopar un traballo. ”

HOME REAGRUPANTE

“ Hai máis dun ano que non vexo o meu fillo. Preocúpame non saber como axudalo a adaptarse á vida aquí. ”

PAI REAGRUPANTE






Programa de acompañamento ao reagrupamento familiar

Programa dirixido a todas as persoas estranxeiras que despois dun tempo de separación comezan un proceso de reencontro na cidade da Coruña.

Ofréceselles **orientación e apoio** ás persoas interesadas desde meses **antes** de que se produza o encontro e continúa **despois da chegada da persoa familiar** reagrupada mediante:

- **Sesións de grupo de información** sobre aspectos legais, educativos, sociais e relacionais vinculados ao proceso de reagrupamento familiar.
- **Sesións individuais** para ofrecer orientación e axuda adaptada ás necesidades de cada familia.
- **Talleres para pais e nais** con información práctica sobre o sistema educativo, recursos socioeducativos e de conciliación familiar, así como ferramentas educativas.
- **Talleres para mulleres reagrupadas.** É un espazo para crecer xuntas e elaborar un proxecto de futuro na Coruña.
- **Talleres para a mocidade** onde coñecerán a outras mozas e mozos que acaban de chegar e descubrirán os recursos sociais e culturais da Coruña.

- 
- Tes dúbidas sobre o **procedemento administrativo** de reagrupamento familiar
 - O teu fillo ou a túa filla acaba de chegar e necesitas **información sobre o sistema educativo**, a homologación de estudos, clases de reforzo ou actividades de lecer
 - Despois dun tempo de separación vólveste encontrar co teu fillo ou coa túa filla e tes **medo de non adaptarvos** á vosa nova vida na Coruña
 - A túa parella acaba de chegar á cidade e non tes tempo para lle axudar a **aprender o idioma**, encontrar traballo ou continuar os seus estudos
 - O teu fillo, a túa filla ou a túa parella teñen **dificultades** para **adaptarse** á súa nova vida

PONTE EN CONTACTO COA

UAMI

PODÉMOSTE APOIAR



PIDE A TÚA CITA NA

Unidade de Asesoramento ás Migracións

UAMI



De forma presencial



Centro Cívico Os Mallos
Avda. Arteixo, 147
15007 A Coruña

Liñas de autobús

11 12A 14 22



De forma telefónica

981 184 364



De forma telemática

uami@coruna.es